

Prezado profesorado de Bioloxía:

Dende o grupo de traballo de Bioloxía da CiUG queremos informarvos de que, no enlace correspondente á materia de Bioloxía da páxina web da CiUG, podedes atopar información relacionada coa proba de avaliación de Bioloxía da PAU do curso 2025-26.

No documento **Estrutura do exame de Bioloxía 2026** poderedes atopar información detallada sobre o modelo de exame, que mantén a estrutura da proba anterior.

Podedes atopar tamén un **Documento de orientacións** actualizado, no que se reforzou a concreción das orientacións nos apartados que o así requirían. As orientacións incluídas neste documento teñen carácter meramente aclaratorio, co obxectivo de concretar os contidos propios da materia, que están fixados polo Decreto 157/2022, de 15 de setembro.

Esperamos que esta información, xunto co modelo de exame publicado, vos sexa de utilidade para que o estudiantado practique a súa capacidade de desenvolver as competencias adquiridas durante o curso, algo que recomendamos dende o grupo de traballo.

Recibide un cordial saúdo e o noso desexo de que teñades uns excelentes resultados, tanto no curso como na PAU.

O Grupo de Traballo de Bioloxía